
CONCURSO FOTOGRÁFICO IAA 2026

ENFOCANDO A IGUALDADE: MULLERES, CIENCIA E DIVERSIDADE

Motivación

O Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA), en liña co seu compromiso por converterse nun centro de referencia na transición cara a sistemas agroalimentarios resilientes, sostíbeis, seguros e circulares a través da I+D+i, promove como alicerce fundamental para a construción dunha ciencia máis xusta e equitativa a procura activa da igualdade de xénero dentro do Instituto. Para incrementar o impacto na nosa sociedade, sempre co fin de acadar estes obxectivos, o IAA convoca a segunda edición do concurso fotográfico «Enfocando a igualdade: mulleres, ciencia e diversidade», que ten como obxectivo visibilizar a importancia da igualdade de xénero nas ciencias agroecolóxicas e alimentarias, así como en todas as actividades desenvolvidas no IAA, a través de imaxes que reflectan a diversidade, o respecto e a equidade no ámbito académico, laboral e social.

Temática

As fotografías deben tratar temas relacionados coa igualdade de xénero dentro do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA) e a súa contorna. Pódense incluír, pero non están limitadas, as seguintes ideas:

- Igualdade de oportunidades na investigación do IAA.
- Mulleres na ciencia e na investigación do IAA.
- Representacións da diversidade de xénero no IAA.
- Iniciativas ou proxectos que promovan a equidade de xénero.
- Situacións cotiás que reflectan a igualdade de xénero.

Participantes

O concurso está aberto a estudantado e persoal pertencente ao Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA). A participación no concurso implica a aceptación destas bases e o permiso para que o IAA poida utilizar as imaxes en futuras publicacións, exposicións e redes sociais, sempre co recoñecemento explícito da autoría.

Dereitos de autoría

- Os dereitos morais das fotografías son intransferibles e irrenunciabes, conforme á Lei de Propiedade Intelectual.
- As fotografías presentadas non poderán terse utilizado anteriormente noutros concursos nin publicacións.
- As imaxes gañadoras, así como o resto de imaxes participantes, poderán ser utilizadas polo IAA nos seus medios de difusión, sempre citando a súa autoría.

Envío de fotografías e prazos

As fotografías deberán enviarse por correo electrónico á dirección do Instituto (iaa@uvigo.gal), dende o día seguinte á publicación destas bases ata o **30 de setembro de 2026 ás 23:59 h.** O correo debe incluír:

- Título da fotografía.
- Nome completo do/a autor/a.
- Cargo ou relación co IAA.
- Correo electrónico de contacto.

Características das fotografías

- As imaxes deberán ser necesariamente orixinais e inéditas.
- As imaxes poderán ser en cor ou en branco e negro.
- Cada participante poderá presentar ata un máximo de dúas fotografías. O contido destas deberá estar necesariamente relacionado co tema do concurso.
- As fotografías deberán ser propiedade da persoa que as presente ao concurso.
- Todas as fotografías deberán presentar calidade suficiente para a súa reprodución final en soportes de papel. Polo tanto, deberán ser enviadas en arquivo dixital de alta resolución non inferior a 5610 (ancho ou alto) × 3744 (alto ou ancho) píxeles, a 150–300 ppp, en formato .jpg ou .tiff.

Xurado

O xurado estará composto por 1 investigador/a sénior, 1 investigador/a posdoutoral, 1 investigador/a predoutoral, 1 integrante do persoal de apoio á investigación e 1 persoa designada polo responsable da xestión de actividades culturais do Campus de Ourense.

Cada integrante do xurado cualificará as fotografías de forma individual, valorando aspectos como a creatividade, a calidade técnica e a adecuación ao tema de igualdade.

Premios

- Primeiro premio: diploma acreditativo, 250 € e unha publicación especial da fotografía nos medios do IAA.
- Segundo premio: diploma acreditativo, 150 € e publicación da fotografía nos medios do IAA.
- Dous terceiros premios: diploma acreditativo e 100 € para cada un, así como publicación das fotografías nos medios do IAA.

O fallo do xurado comunicarse antes do 20 de outubro de 2026 e será inapelable. A resolución será publicada na páxina web do IAA e notificarase por correo electrónico ás persoas gañadoras. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún premio se as fotografías non cumpren cos criterios de calidade ou temática. Cada persoa só terá dereito a un premio.

A mera participación neste concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases reguladoras.